

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e nove de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asiste, con escusa, don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de outubro de 2019**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de outubro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución de 16 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, Ministerio de Facenda, pola que se desenvolve a información a subministrar polas corporacións locais relativa ao esforzo fiscal de 2017 e a súa comprobación nas Delegacións de Economía e Facenda. (Boletín Oficial do Estado número 257, do 25 de outubro de 2019).

### **3º. Expedientes de contratación**

**3.1. Adxudicación do servizo de “Dirección de obra para o proxecto de mellora de espazo público e rexeneración urbana en O Temple, Concello de Cambre (A Coruña) Lote1”, á entidade L2 Ingeniería y Consulting Galicia, S.C.P. , no prezo ofertado de 9.950,00 € sen IVE, 12.039,50 € IVE incluído. Expediente núm. 2019/C002/000373**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 4/10/2019 elaborouse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz barbeiro, o documento de prescricións técnicas para a contratación do servizo consistente na “Dirección de obra para o proxecto de mellora de espazo público e rexeneración urbana en O Temple, Concello de Cambre (A Coruña) Lote1”, cun orzamento de 12.100 €, IVE incluído.

Con data 24/09/2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, complementado co informe do arquitecto municipal de data 22/10/2019, nos que se motiva a necesidade desta contratación para executar as obras anteditas, que se atopan adxudicadas e deben estar rematadas e pagadas dentro do exercicio do ano 2019, e ante a imposibilidade do técnico municipal de levar a cabo estes traballos para os que fóra designado inicialmente, polo que propón a contratación dun profesional externo; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 27/09/2019 emítase informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1532 60900 e de que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente ,a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 10/10/2019 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- L2 Ingeniería y Consulting Galicia, S.C.P.
- María Canoso Blanco
- José Luís López Verdini

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
L2 Ingeniería y Consulting Galicia, S.C.P.	9.950,00 €	12.039,50 €
José Luís López Verdini	9.995,00 €	12.093,95 €
María Canoso Blanco	10.000 €	12.100,00 €

formulando proposta de adxudicación do servizo de “Dirección de obra para o proxecto de mellora de espazo público e rexeneración urbana en O Temple, Concello de Cambre (A Coruña) Lote1”, á entidade L2 Ingeniería y Consulting Galicia, S.C.P., con NIF J-70404561, e domicilio en avenida

de Monelos 99-101, 1º A- 15009 A Coruña, no prezo ofertado de 9.950,00 € sen IVE, 12.039,50 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede , e o informe favorable emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 24 de outubro actual, por parte desta concellería-delegada considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar o documento de prescricións técnicas do servizo correspondente á “Dirección de obra para o proxecto de mellora de espazo público e rexeneración urbana en O Temple, Concello de Cambre (A Coruña) Lote 1”, elaborada con data 04/10/19 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de 12.100,00 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 60900.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000373, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adjudicar o contrato do servizo de “Dirección de obra para o proxecto de mellora de espazo público e rexeneración urbana en O Temple, Concello de Cambre (A Coruña) Lote1”, á entidade *L2 Ingeniería y Consulting Galicia, S.C.P.* con NIF J-70404561 e domicilio en avenida de Monelos 99-101, 1º A- 15009 A Coruña, no prezo ofertado de 9.950,00 € sen IVE, 12.039,50 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito , a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 ao día 24 de outubro do ano que andamos, que comeza coa Resolución da Alcaldía número 2124/2019 e remata coa Resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente número 2152/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2124/2019	18-10-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de outubro de 2019
2125/2019	18-10-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 6.819,63 euros
2126/2019	18-10-2019	CM Aluguer 2 carpas XXVIII Semana Micolóxica 2019
2127/2019	18-10-2019	Aprobación de estruturas móbiles para a exposición Micolóxica 2019

2128/2019	18-10-2019	Baixa no servizo de axuda no fogar MLIG
2129/2019	18-10-2019	Baixa no servizo de axuda no fogar JPC
2130/2019	18-10-2019	Desestimento axuda odontoloxía MAR
2131/2019	18-10-2019	Xustificación Cultura no camiño 2019 - xunta
2132/2019	21-10-2019	Convocatoria da sesión ordinaria das Comisións Informativas do día 24 de outubro de 2019
2133/2019	21-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante sita en Altamira, Anceis. Propiedade: Herdeiros de MGA
2134/2019	22-10-2019	Delegación do Alcalde da Presidencia do Consello Escolar Municipal no Concelleiro de Educación
2135/2019	22-10-2019	Licenza de vao permanente para o acceso ao almacén e oficina de empresa eléctrica sito na rúa Samosteiro, Cambre. Solicitante: ASV
2136/2019	22-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en Pazos, Andeiro
2137/2019	22-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Meixigo, Cambre con tullas de gran altura e en contacto con cerramento da parcela colindante. Propiedade: MCC
2138/2019	22-10-2019	Reposición legalidade urbanística por colocación de rampla en zona pública fronte ao Bar Dólar sito en rúa Constitución, O Temple. Propiedade: DY, S.L.
2139/2019	22-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en rúa Freixo, Outeiro, Cella con tullas invadindo a beirarrúa e con maior altura que o peche. Propiedade: NGG e BIA
2140/2019	23-10-2019	Contrato menor para a restauración do Cruceiro de San Paio de Brexo
2141/2019	23-10-2019	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de setembro de 2019
2142/2019	23-10-2019	Selección de fondos na biblioteca central de Cambre para baixa en catálogo
2143/2019	23-10-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
2144/2019	24-10-2019	Arquivo de actuacións expediente de reclamación nº 2/2019, polo pago de 2.286,90 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados nunha marquesiña situada na carretera Cambre-Temple, sentido Cambre-Temple, á altura do número 87, debido ao impacto dun vehículo o día 14 de novembro de 2018. Expdte. TdeC 2019/X999/000013 Reclamación de danos na marquesiña situada na carretera Cambre-Temple, sentido Cambre, á altura do número 87, debido ao impacto dun vehículo ao sairse da vía.
2145/2019	24-10-2019	Arquivo de actuacións expediente de reclamación nº 3/2019, polo pago de 1.497,25 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados nun hidrante situado na rúa Otero Pedraio á altura do nº 18, O Temple, o pasado 30 de xaneiro de 2019, debido ao impacto dun vehículo Expte. 2019/X999/000034

2146/2019	24-10-2019	Avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós dende o día 28 de outubro ao 22 de novembro de 2019, ambos os dous incluídos
2147/2019	24-10-2019	Corrección erros resol. 1909/2019. Baixa de recibos de auga a nome de LÁL e aprobación de novas liquidacións por erro no suxeito pasivo ( 1º, 2º e 3º T 2018 e 1º e 2º 2019).
2148/2019	24-10-2019	Resolución pagamento nómina do mes de outubro de 2019 por un importe bruto de 359.229,25 euros.
2149/2019	24-10-2019	CM a MANARTE PRODUCCIONES, S.L. Título: Os amos do Mund 27/10/2019, ás 19.00 h CSC O Graxal
2150/2019	24-10-2019	Corrección erros resol. 1504/2019. Baixa de recibos polo servizo de subministro de auga e sumidoiros liquidados a contribuíntes e liquidacións aos substitutos do contribuínte
2151/2019	24-10-2019	Distribución de locais utilizados polos grupos municipais
2152/2019	24-10-2019	Expediente de reposición legalidade urbanística por construción de peche en finca sita en Fontenla, Pravio, Cambre sen gardar a distancia ao eixe do camiño público nº 1C.1.0199. Propiedade: JA DC e MMG

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Adxudicación da organización do “Samain Celta”, ”, á licitadora Iria Mejuto Buceta (Totém Gestión), no prezo ofertado de 9.391,83 €€ sen IVE, 11.364,11 € IVE incluído. Expediente núm. 2019/C002/000404

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión.

**Único: Adxudicación da organización do “Samain Celta”, ”, á licitadora Iria Mejuto Buceta (Totém Gestión), no prezo ofertado de 9.391,83 €€ sen IVE, 11.364,11 € IVE incluído. Expediente núm. 2019/C002/000404**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 15/10/2019 elaborouse polo técnico en promoción económica, don José Luis González Cardalda, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, a memoria xustificativa para a contratación do servizo consistente na organización do “Samain Celta”, cun orzamento de 12.352,30 €, IVE incluído, (10.563,52 euros sen IVE).

Con data 15/10/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo técnico en promoción económica, o concelleiro-delegado de Turismo e Patrimonio, e polo Sr. Alcalde, nos que se motiva a necesidade desta contratación para executar o servizo antedito, que se fundamenta no desenvolvemento das competencias municipais en materia de promoción da ocupación do tempo libre e da cultura, de conformidade có estipulado no artigo 25.2. l) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, co fin de promover a ocupación do

tempo libre e a cultura, desenvolvendo diferentes actuacións ao longo de todo o ano, baixo o hilo conductor da posta en valor do patrimonio arqueolóxico, do legado histórico presente en Cambre e de todos os seus recursos turísticos (naturais y paisaxísticos), có común denominador de dar a coñecer o patrimonio arqueolóxico e a pegada histórica, principalmente aquela referida ao mundo galaico - romano. Neste sentido, dende o Museo Yacimiento Romano de Cambre desenvolverónse diferentes actividades que veranse reforzadas este ano coa celebración dun "Samaín Celta", destinado a acercar aos máis pequenos á historia e ao patrimonio inmaterial do municipio de Cambre, continuando coa recuperación da cultura, as costumes e as tradicións locais; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 25/10/2019 emítese informe polo técnico en promoción económica , coa onformidade da responsable da ADL, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Artestudio Xestión Cultural, S.L.
- Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega
- Iria Mejuto Buceta-Totém Gestión
- Urdime Sociedade Cooperativa Galega
- Xema Comunicación Global, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
- Artestudio Xestión Cultural, S.L.	10.200,00€	12.342,00 €
- Iria Mejuto Buceta-Totém Gestión	9.391,83 €	11.364,11 €

formulando proposta de adjudicación do servizo de contratación correspondente á organización do "Samaín Celta", á Iria Mejuto Buceta (Totém Gestión), con NIF 32836377-J , e domicilio na Rúa Cantábrico, nº13-baixo 15002 A Coruña, no prezo ofertado de 9.391,83 €€ sen IVE, 11.364,11 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo aos criterios de valoración, o prezo ofertado e a calidade das actividades programadas, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Con data 25/10/2019 emítese informe favorable de fiscalización nº 317/2019 polo interventor municipal , no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 21200, e de que respecto ao contratista proposto non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario que superen os límites de 15.000 euros en servizos e subministracións que se establecen no artigo 118 LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adjudicación do expediente ,a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de

contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede , e o informe favorable emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 28 de outubro actual, por parte desta concellería-delegada considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada elaborada polo técnico en promoción económica coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local Municipal con data 15/10/2019, correspondente á organización do “Samain Celta”, cun orzamento de 12.352,30 €, IVE incluído, (10.563,52 euros sen IVE), así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.21200

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000404, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adjudicar o contrato correspondente á organización do “Samain Celta”, , á licitadora Iria Mejuto Buceta (Totém Gestión), con NIF 32836377-J , e domicilio na Rúa Cantábrico, nº13-baixo 15002 A Coruña, no prezo ofertado de 9.391,83 €€ sen IVE, 11.364,11 € IVE incluído, por ser a licitadora que obtivo a maior puntuación atendendo aos criterios de valoración, (o prezo ofertado e a calidade das actividades programadas), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica don José Luis Rodríguez Cardalda , a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao técnico en promoción económica responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.



**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia